

A natureza en estado puro

Xavier Queipo

A primeira vez que un embarca todo e misterio e mitoloxías aprendidas na escasa literatura que sobre a pesca do bacallau hai en Galicia. Pois ben, xa ao saír de Vigo, na costa do poñente das Illas Cies, a natureza estoura con ledicia de aves mariñas e acantilados agrestes. Logo de tres días de navegación, no medio do Atlántico inmenso, cruzamos unha vea de auga, que leva argazos e carabelas portuguesas chegadas do Caribe. Mais cando o barco se vai achegando as afastadas augas de Terranova aparecen en sutil progresión : ondas de lonxitude inmensa, coma se o mar expandise a súa superficie ou crease unha nova dimensión; icebergs imponentes, onde as veces se poden albisar ursos brancos collidos por sorpresa cando o xeo partira sen aviso; centos de chafarices de baleas e cachalotes que van seguindo os cardumes de lanzóns e capeláns, milleiros de focas, tamén, aboiando en grupos compactos entre as placas de xeo que dificultan a navegación, e temporais desatados que fan tremer as cadernas e a ponte de mando, as arboladuras e os mamparos, os portóns e os tranganís. Logo está esa brétema que chega e apousenta por días enteiros, sen que o sol sexa quen de abrir unha fenda, a mesma brétema que fai tolear peixes e mariñeiros, que carga de electricidade o ambiente, que fai acordar o medo e a depresión. Están tamén os solpores imposíbeis e os alborexares fantásticos, onde na calma estanca dos ventos podense ver nadando as orcas na distancia. E esas cores mudábeis do auga que é gris cando azouta o vento, cinzenta escura cando o temporal pechado, verde turquesa cando frezan os bacallaus e as luras ascenden de Georges Bank, castaño averdado cando a néboa leva día sobre nós, azul metálico cando comenza a picarse o mar, azul mariño cando o sol reflicte entre as nubes de mascatos e charráns que se achegan para comer as magas polo tranganil que deita en enxurrada de vísceras sangue os restoballos do parque de pesca. Natureza en estado puro, tamén, nese aire salgado que enche os nosos liviáns de vida e aventuras, nesa fala mariñeira, neses homes rudos de peitos como lareiras e brazos de ferro, de bágoa fácil e cicatrices no corazón.

